

## PREGUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA SOBRE A POSIBLE DEMORA NO INICIO DE ACTIVIDADES NA REDE DE CENTROS CÍVICOS DE SANTIAGO

O pasado 3 de setembro o concelleiro de Centros Cívicos presentou a programación trimestral (outubro - decembro 2019) do seu departamento e uns días despois o perfil do contratante publicaba o inicio de licitación do 'Servizo de "saúde paso a paso" nos centros socioculturais do Concello de Santiago de Compostela' (26.550 €) e do 'Servizo desenvolvemento do proxecto pedagóxico "teatro comunitario" nos centros socioculturais do Concello de Santiago de Compostela' (39.627,50 €) para o período "de outubro a xuño" segundo consta nos pregos técnicos de ambos servizos.

Seguindo os prazos habituais de licitación, adjudicación e posta en marcha de ambos servizos semella imposible que as actividades poidan comezar no mes de outubro tal e como consta nos pregos. Por todo isto, Martiño Noriega Sánchez, portavoz municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Pleno do Concello de Santiago, solicita a resposta por escrito das seguintes preguntas:

- Que previsión ten o concelleiro para a posta en funcionamento e comezo destas actividades, altamente demandadas, correspondentes ao proxecto pedagóxico 'Teatro Comunitario' e ao proxecto de saúde e movemento 'Paso a paso'?
- Que tipo de información ou comunicación se ten levado a cabo coas persoas usuarias que se teñan inscrito ou mostrado interese nestas actividades? Xa se ten informado da posible demora no inicio das actividades?
- No caso de actividades que teñan unha cota de inscrición que tipo de desconto se lle vai aplicar no caso de existir demora no inicio das clases?

Santiago de Compostela, 12 de Xullo do 2019



  
Martiño Noriega Sánchez  
Portavoz do Grupo Municipal de Compostela Aberta

GRUPO MUNICIPAL

A/A ALCALDE